

Concello de Covelo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE COVELO E CORAL XUNTANZA COVELO

Reunidos en Covelo, en Abril de 2022.

Dunha parte, **D. Juan Pablo Castillo Amigo**, Alcalde do Concello de Covelo (Pontevedra), en representación do Concello de Covelo, con CIF nº P3601300A, con domicilio en Praza do Mestre Cerviño, 2 (Covelo), CP: 36872.

E doutra parte, **D. Jose Gumersindo Díaz Pérez**, maior de idade, con DNI nº 35990016F, na súa calidade de Presidente da **CORAL XUNTANZA COVELO**, con CIF G36240208, á que representa no presente acto, con domicilio para os efectos de notificacións en coralexuntanzacovelo@gmail.com

Ambas as partes recoñécense mutua e recíprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para asina-lo presente convenio e en consecuencia:

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que o Concello de Covelo, de conformidade co establecido no artigo 25.2.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ten competencia propia para a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Para conseguir este obxectivo na Base 56 de execución do Orzamento de 2022 contéplanse dentro da aplicación orzamentaria **334.48** as subvencións nominativas para a promoción da cultura, o deporte, a música... destinadas ás entidades culturais con máis raizame no noso termo municipal.

SEGUNDO. Que a **CORAL XUNTANZA COVELO**, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co **nº9**, é unha asociación músico-cultural.

TERCEIRO. Que tanto o Concello como a **CORAL XUNTANZA COVELO** teñen obxectivos comúns e que, por tanto, é precisa unha colaboración estreita que permita precisar o desenvolvemento da actividade músico-cultural.

Que os convenios entre os concellos e as asociacións constitúen un instrumento adecuado para a formalización de subvencións nominativas concedidas no marco do orzamento municipal do concello para o exercicio de 2022, tal e como se establece na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Base nº 53 e seguintes das de execución do orzamento municipal.

DÍAZ PEREZ, JOSE GUMERSINDO (1 para 3)
Tercero
Data de Sinatura: 20/09/2022
HASH: 4500b31409bb5718091846c7d140ccc3e

JUAN PABLO CASTILLO AMIGO (2 para 3)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 20/09/2022
HASH: f0a333caaf9c381122610366b3ae1aa4



María Jesús Rodríguez Fraire (3 para 3)
Secretaría-Interventora
Data de Sinatura: 20/09/2022
HASH: 0106bcd78d884372e0a7c69d4dcbcedfa



Concello de Covelo

En virtude do exposto, as partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. A **CORAL XUNTANZA COVELO**, comprométese á realización de diversas actividades músico-culturais (“*Actividades artísticas e formativas: Clases de técnica vocal, clases de lectura musical, preparación do repertorio, vídeo musical, concerto de musica relixiosa, concerto de verán, concerto de nadal e outras actuacións puntuais*”) das que dará coñecemento ao Concello coa antelación precisa, con expresa identificación da duración e participantes.

SEGUNDA. A **CORAL XUNTANZA COVELO**, utilizará como usuario habitual o auditorio municipal para o desenvolvemento das actividades específicas de que trata o Convenio, sen que isto supola menoscabo do uso común e xeral deste ben destinado ao servizo público, na forma que determine o goberno municipal.

A cambio, obrigarase á entidade **CORAL XUNTANZA COVELO** a manter as instalacións culturais en perfectas condicións, de tal maneira que sexa apto para os usos para os que está destinado.

Así mesmo, a **CORAL XUNTANZA COVELO** obrígase a subscribir os correspondentes seguros de responsabilidade civil, seguro de accidentes, e calquera outro que proceda durante o tempo de vixencia do convenio.

TERCEIRA. O Concello comprométese a subvencionar a **CORAL XUNTANZA COVELO** coa cantidade de **1.500€** durante o ano 2022 como compensación dos gastos das actividades músico-culturais que realice. O citado gasto imputarase á aplicación orzamentaria **334.48**, para o que existe crédito adecuado e suficiente.

A subvención irá destinada a financiar operacións correntes. Consideranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo de duración do presente convenio, dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022. Non se consideran gastos subvencionables os gastos de mantemento ordinario.

CUARTA. Establécense como obrigacións por parte da **CORAL XUNTANZA COVELO**:

- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que os órganos competentes do Concello, realicen respecto da xestión da solvencia e especificamente no relativo á celebración das actividades subvencionadas.
- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.



Concello de Covelo

- Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada ou patrocinada polo Concello, incorporando o logotipo do Concello de Covelo nos exemplares dos programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita ou sonora que se realice con motivo do programa.
- Presentar antes do **15 de novembro de 2022** os documentos acreditativos da xustificación da subvención.
- Reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigacións establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e nos artigos 91 a 93 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.¹

QUINTA. O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022 e extinguirase por vencemento deste prazo.

SEXTA. No non previsto neste Convenio estarase ao disposto na Base 56 de execución do Orzamento de 2022, na Ordenanza Xeral Reguladora do Réxime Xurídico das Subvencións outorgadas polo Pleno da Corporación na sesión de data 1 de xuño de 2016, e no previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de

¹. Con relación a xustificación da subvencións, téñase en conta o artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os artigos 69 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2003, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e, especificamente, o punto 15º da Ordenanza Xeral reguladora do Réxime xurídico das subvencións outorgadas polo Concello de Covelo, que determina como documentos para a xustificación, os seguintes:

1. Memoria detallada da actividade asinada por un representante da asociación.
2. Relación detallada de ingresos e gastos da actividade subvencionada, incluíndo facturas compulsadas do total dos gastos da actividade (Anexo II)
3. Facturas orixinais polo importe subvencionado. As facturas deben corresponder á actividade obxecto da subvención e deberán emitirse a nome da Asociación, e cumprir cos requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigacións de facturación. Deberán conter como mínimo:
 - Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
 - Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
 - Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención.
 - Descrición do servizo ou subministro prestado.
 - Número de factura, data de emisión e denominación de “factura”.
4. Xustificante bancario do pago correspondente ás facturas achegadas. Non se admitirá outro tipo de xustificante de pago que non sexa do banco.
5. Acreditación da publicidade do financiamento público da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como lendas relativas ou financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, páxina web, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.
6. Relación das subvencións obtidas doutras Administracións ou Entidades Públicas ou privadas para o mesmo obxecto, en caso negativo, deberá deixarse constancia dese feito mediante a correspondente declaración responsable (Anexo III)
7. Xustificación de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta, e Axencia Estatal da Administración Tributaria (Anexo III).
8. Calquera outro que sexa solicitado polo concello.



Concello de Covelo

xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento la Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Para que así conste e en proba de conformidade, asino por duplicado no lugar e data arriba indicados, do que, como Secretaria, dou fe.

O ALCALDE

Asdo.: Juan Pablo Castillo Amigo

O PRESIDENTE

Asdo.: Jose Gumersindo Díaz Pérez

A SECRETARIA

Asdo.: María Jesús Rodríguez Freire



Cod. Validación: 6YY75NPC6WSXKANNM7ZCNGYXK | Corrección: <https://covelosedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4



Cod. Validación: 3NSDGDFLQP9CMI6SFMINTXGNH | Corrección: <https://covelosedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4